



Semana 8-12 Xuño



Luns 8

RETO DE ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE

Para conseguir o reto de hoxe precisaremos os vosos xoguetes e unha caixa de letras. Se non tedes letras podemos coller un folio, recortalo en pequenos cadrados e escribilas manualmente. Buscaremos unha docena de xoguetes e, de forma individual, pensaremos cal é o son polo que comeza e, logo, colocarlé diante a letra que corresponda. Se temos 2 ou máis obxectos que comecen polo mesmo son irémolos agrupando. E despois tamén poderemos...



compoñer o nomes dos xoguetes.



agrupalos de 3 en 3 e inventar frases divertidas.



O ASTRONAUTA PLANTOU
LEITUGAS COA EXCAVADORA

Ecoconsello: cando xa non usemos os xoguetes podemos reutilizalos para facer manualidades ou donalos a outros nenos/as que coñezamos que poidan aproveitalos.



Martes 9

RETO DE COCIÑA

Hamburguesa de lentellas

Ingredientes:

- 400 gr de lentellas en remollo
- 75 gr de fariña de trigo
- Unha cebola grande
- Tres dentes de allo
- Unhas ramiñas de perexil fresco
- Sal

Preparación:

1. Cocer e escorrer as lentellas. Teñen que estar ben cocidas.
2. Machacala co tenedor.
3. Facer un sofrito coa cebola e o allo picados moi finiños.
4. Nun bol xuntar as lentellas machacadas, o sofrito, a fariña, o perexil picado e o sal.
 1. Mesturar todo coas mans.
 2. Repousar a masa no frigorífico durante dúas horas mínimo.
 3. Facer unhas bolas de masa e logo darlle forma de hamburguesa.
 4. Pasalas pola tixola un par de minutos de cada lado.
 5. Montar a hamburguesa con pan, leituga e tomate.

Ecoconsello: abono natural.


Pon as cascas da cebola nun bol con un pouco de auga e deixao repousar durante a noite, cola as cascas e usa o líquido para regar las plantas.





Mércores 10

RETO DE DANZA MUSICAL

As últimas actividades da profe de Música na páxina web xiraban em torno ao pentagrama, as súas notas e a escala musical.



Pois agora tócalle o turno ao **RETO**:

Necesitaredes: palliñas  e se non as tedes, valen tamén os talos das aveas 

E tamén unhas tesoiras

Mirade o seguinte vídeo e xa veredes qué divertido é:

- O primeiro reto será facer que a **palliña soe**.
- O segundo reto será facer coa nosa palliña esa **escala musical** que aprendimos na clase.

Tedes que animar ás vosas familias a que fagan as flautas tamén, así será mais divertido.

Se queredes chegar ao final e facer a SUPERGAITA....ANIMOOOOOOO!!!!!!

Pinchade aquí para ver o vídeo: [RETO FRAUTA](#)



XOVES 11

RETO DE LÓXICA MATEMÁTICA

HOXE XOGAMOS AOS BOLOS!

1

Facemos os nosos propios bolos.

1º. Xunta 10 recipientes de plástico (botellas de auga, botes de champú ...) e reutilízalos para facer os bolos.

2º. Con rotuladores permanentes, pintura apta para plástico, pegatinas ... decora os 10 bolos.

3º. Escribe en cada bolo un número. Pode ser do 1 ao 10, do 10 ao 100, do 100 ao 1000 ... estas cantidades corresponderanse cos puntos para despois sumar.

4º. Enche de auga pola metade cada bote e cérrao.



Agora preparamos a pista de xogo:

2

1º. Pega no chan dez círculos de papel formando un triángulo (4 - 3 - 2 - 1).



2º. Escribe en cada círculo un número de tal xeito que ao final teñas os mesmos números nos bolos e nos círculos.

3º. Coloca cada bolo encima do papel facendo coincidir o número da botella co do papel.

3º. A unha distancia determinada, traza unha liña que será o punto de lanzamento.

3

A XOGAR!

Por quendas:

- Colócate na liña de lanzamento e lanza a pelota.
- Suma os puntos de cada bolo que derribaches e anota o total nun papel.

Ecoconsello: Non é necesario mercar sempre os xoguetes. Cun pouquiño de imaxinación, podes facer os teus propios xoguetes reutilizando material. O medio ambiente estará moi agradecido!



Venres 12

RETO DE ARTE

SEMELLAMOS OBRAS DE ARTE?

Para conseguir o **RETO** de hoxe segue estes pasos:

1º **OBSERVA** as seguintes obras de arte, premendo neste enlace [podes acceder a algunhas coñecidas. \(enlace\)](#)

2º **ELIXE** unha de estas obras ou outra que ti queiras e imita o que aparece no cadro, con diferentes materiais que teñas na casa: telas vellas, froitas, flores, elementos da natureza, roupa...

Fíxate nestas imaxes coma exemplo do reto.

3º **FOTOGRAFÍA** o resultado.

4º **COMPARA** a túa obra coa orixinal.

5º Non esquezas **COMPARTIR** o resultado do reto.

Arreglo en gris y negro nº 1 o "Retrato de la madre del artista"



James McNeill Whistler, 1871

El hijo del hombre



René Magritte, 1964

